**SUPOSTO nº 1 (Puntuación máxima: 15 puntos):**

No día 14 de outubro de 2026, tense recibido, por medio do correo electrónico posto a disposición da veciñanza por parte do Concello de Arteixo, unha serie de fotografías realizadas por un corredor afeccionado, veciño de Arteixo, que transitaba por unha vía pública municipal no Lugar de Insua na Parroquia de Morás que tamén indica no seu correo.

O Concello de Arteixo conta con un contrato de servizos para proceder á retirada dos residuos localizados en vertedoiros incontrolados existentes nas vías públicas e outros espazos de titularidade municipal, ao cal resulta preciso indicarlle, por medio das correspondentes comunicacións e informes, a necesidade de retirada de calquera vertedoiro existente nas localizacións definidas.

Pola presente, os servizos técnicos encárganlle ao capataz (neste caso ao aspirante) que confeccione o informe correspondente a este aviso coa finalidade de dar conta, se corresponde, á adxudicataria do servizo de retirada de vertedoiros incontrolados.

Para a confección do informe dispóñense dos seguintes datos:

- Serie fotográfica enviada polo veciño ao correo electrónico do Concello. (ANEXO I).
- Localización do vertedoiro. (ANEXO II).
- Plano do inventario de vías públicas municipais da zona na cal se localiza o vertedoiro. (ANEXO III).
- Plano coas referencias catastrais das parcelas na zona do vertedoiro. (ANEXO IV).

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Estrutura e formato do informe
- Claridade na redacción e obxetividade dos datos expostos
- Capacidade descriptiva
- Comprensión e utilidade
- Xustificación das opcións propostas

FIRMADO POR Eva María Montes Fernández (FECHA: 20/10/2026 13:20:00)
Versión imprimible
CVD: E+iRSqFqGmwrSmITxZx3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

ANEXO I. SERIE FOTOGRÁFICA








FIRMADO POR Eva María Montes Fernández (FECHA: 20/10/2026 13:20:00)
Versión imprimible
CVD: E+iRSqFqGmwrSmITxZx3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

ANEXO II. PLANO LOCALIZACIÓN DO VERTEDOIRO.

43,294588,-8.464071





ANEXO III. PLANO INVENTARIO VÍAS MUNICIPAIS.




FIRMADO POR Eva María Montes Fernández (FECHA: 20/10/2026 13:20:00)
Versión imprimible
CVD: E+iRSqFqGmwrSmITxZx3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

ANEXO IV. PARCELARIO




FIRMADO POR Eva María Montes Fernández (FECHA: 20/10/2026 13:20:00)
Versión imprimible
CVD: E+iRSqFqGmwrSmITxZx3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

## SUPOSTO nº 2 (Puntuación máxima: 15 puntos):

Pedro e a súa familia acabanse de mudar a un vivenda no Concello de Arteixo, despois de anos no estranxeiro. Por iso, Pedro desexa realizar uns pequenos cambios na súa vivenda (situada na C/ Travesía de Pastoriza do Concello de Arteixo) renovando o mobiliario na cociña e en dous dormitorios.

O que era antes unha vella cociña, dará lugar a esta nova cociña. Tanto a cociña como as habitacións serán pintadas dunha nova cor. Na reforma da vivenda, catalogada como obra menor, prodúcense os seguintes residuos:

- 2 camas
- 2 somieres
- 3 mesitas de dormitorio de madeira
- 1 armario
- 3 bolsas de roupa vella
- 1 mesa
- 1 frigorífico
- 1 lavadora
- 5 sacos de entullo (ladrillos, cemento, …) como restos dos traballos da reforma.
- 3 lámpadas fluorescentes vellas.
- 5 sacos de plástico da propia embalaxe dos novos mobles e productos de decoración.
- 4 botes baleiros de 15kg de pintura branca.
- 4 caixas de cartón.
- 3 palets de madeira procedentes do transporte dos mobles
- 1 microondas grande averiado
- 1 ordenador vello
- 1 teléfono móvil vello
- 1 bolsa de 1 kg.  de pilas usadas.

Pedro, chama ao Concello para que lle indiquen as formas de recollida destes
residuos xerados e o horario do depósito, de ser o caso.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Claridade na redacción e obxetividade dos datos expostos
- Adecuación da resposta á normativa legal vixente
- Xustificación das opcións propostas

FIRMADO POR Eva María Montes Fernández (FECHA: 20/10/2026 13:20:00)
Versión imprimible
CVD: E+iRSqFqGmwrSmITxZx3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**SUPOSTO nº 3 (Puntuación máxima: 15 puntos):**

A proba N1 consiste na recuperación de un equipo de grúa con un contenedor enganchado, este proceso debe realizarse simulando un fallo de tensión no equipo (non tendo resposta do joistick aos movementos seleccionados) tendo que realizarse a recuperación do mesmo mediante o paso forzado de fluido hidraúlico o equipo (pinchando a válvula principal), o proceso complétase mediante o manexo da grúa e brazo robotizado por levas hidraúlicas manuales, debendo aproximar o contenedor o chan (a fín de non sufrir desperfectos), desacople das pinzas do brazo robotizado (campana) do contenedor o cal deberá quedar colocado na súa correspondente guía, a posterior colocación da grúa en modo reposo; finalizando o proceso co izado de estabilizadores do equipo.




O proceso debe seguir un orde de actuación preferente que se describirá paso a paso según se vai realizando: o exercicio terá unha puntuación de 15 puntos e valorarase en primeiro os pasos de forma ordeada de recuperación có orde correcto preestablecido segundo os manuales ESA, (10 P), segundo valorarase a menor cantidade de movementos con levas posible (2P) conxuntamente co tempo invertido na proba (3P).

FIRMADO POR Eva María Montes Fernández (FECHA: 20/10/2026 13:20:00)
Versión imprimible
CVD: E+iRSqFqGmwrSmITxZx3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**SUPOSTO nº 4 (Puntuación máxima: 15 puntos):**

Cando un Servicio de RSU se presta con un punto de tensión de equipos (medios limitados con respecto as prestacións requeridas aos mesmos), resulta imprescindible ter os equipos dispoñibles o máximo tempo posible no seu estado óptimo. Para conseguir as metas e debido a que os equipos traballan moitas veces a dobre turno ou con desfases de mantemento compre saber facer diagnósticos claros e rápidos dos fallos maís comúns dos mesmos, tanto para que sexan maís rápidas as reparacións técnicas como a posible recuperación in situ da máquina.

A electrónica é a fase crítica destes equipos que prioriza o funcionamento dos demaís compoñentes esclavos.

Neste suposto existen dúas fallas eléctricas no equipo, diagnosticado polo usuario como unha falta de tensión.

O exercicio consiste en diagnosticar en que elementos está presente a interrupción eléctrica, que suministra tensión a pantalla de control do automatismo, deberase realizar seguindo a entrada de corriente que se suministra dende a batería do vehículo, e como último punto de verificación a pantalla; así mesmo deberemos focalizarnos en todo momento na cabina do vehículo. O exercicio conclúe si se consigue o encendido da pantalla de control, establecendo o diagnóstico dos fallos detectados. “Recorrido lóxico da electricidade”

Total 15P acadando diagnosticar correctamente os fallos no orden preestablecido seguindo o percorrido lóxico do paso eléctrico polos diferentes compoñentes do equipo.

Toda acción a tomar irase explicando o tribunal presente para verificar a orde lóxica a seguir na diagnose.

FIRMADO POR Eva María Montes Fernández (FECHA: 20/10/2026 13:20:00)
Versión imprimible
CVD: E+iRSqFqGmwrSmITxZx3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/